

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN CURSO 2019/2020



✪ CENTRO: CEIP COUCEIRO FREIJOMIL

✪ CURSO: 2º

✪ DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

LENGUA CASTELÁ E LITERATURA E LINGUA GALEGA E LITERATURA

1. Estándares de aprendizaxe

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Participar en situacións de comunicación, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións, aplicando as normas socio-comunicativas: escoita, espera de quendas.
Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.
Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Participa activamente en diversas situacións de comunicación: diálogos, exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.
Ampliar o vocabulario.	Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.
Ler e comprender diferentes textos sinxelos.	Le , con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade e comprendendo o lido.
Producir textos sinxelos , aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	Escribe textos sinxelos respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.
	Presenta os traballos con caligrafía clara e limpeza.
Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación na procura da información e para presentar as súas producións.	Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información e para facer as súas producións.

MATEMÁTICAS

1. Estándares de aprendizaxe	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.	MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.
	MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.
	MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.
	MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
	MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental.	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta

CIENCIAS DA NATUREZA E CIENCIAS SOCIAIS

1. Estándares de aprendizaxe	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Traballar respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.
B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.	CNB3.1.1. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.
B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.	CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.

B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.	CSB2.1.1. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.
B2.2. Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada.	CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.
B2.3. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema.	CSB2.3.1. Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.
B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana.	CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana máis próxima.
B3.7. Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas.	CSB3.7.1. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.
B3.8. Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoas usuarias de medios de transporte.	CSB3.8.1. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou persoa nos medios de transporte.
B4.1. Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.	CSB4.1.1. Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.

PLÁSTICA

1. Estándares de aprendizaxe	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.).	EPB1.5.1 Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.

MÚSICA

1. Estándares de aprendizaxe	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.
	EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.
	EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.
B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.	EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.
B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.
	EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.
B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
	EMB2.2.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo	EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.
	EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.
	EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

EDUCACIÓN FÍSICA

1. Estándares de aprendizaxe	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Buscar e presentar a información e compartila,, facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación.	B1.2. 1.Utiliza as TIC para localizar a información que se lle solicita. B1.2. Participa nas actividades propostas.
B5.1. Coñecer a os efectos do exercicio físico, a hixiene e a alimentación sobre a súa saúde e benestar.	B5.1.1. Cumpre, de xeito especial no actual contexto, as normas básicas de coidado do corpo en relación coa hixiene e a saúde. B5.1.2. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.

RELIXIÓN

1. Estándares de aprendizaxe	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1-Identificar na propia vida o desexo de ser feliz.	B1.1.1-Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que lle fan feliz a el e as persoas da súa contorna. [CSC,CAA,CCL]
B1.3-Apreciar a bondade de Deus Pai que creou ao home con este desexo de felicidade.	B1.3.1-Valora e agradece que Deus creoulle para ser feliz. [CSC.CAA]
B3.2-Aprender o significado do tempo de Advento. B3.2.2-Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.	B3.2.2-Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.
B4.2-Observar e comprender os signos presentes na liturgia bautismal.	B4.2.1-Asocia os elementos materiais do auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental.

FRANCÉS

1. Estándares de aprendizaxe	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas necesidades e intereses, e utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	Comprende o sentido global de explicacións ou instrucións orais sinxelas
Recoñecer os significados e intencións comunicativas xenerais relacionadas con estes	Identifica o tema dunha conversación moi sinxela que ten lugar nun espazo público real ou simulado sobre temas coñecidos
. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades	Comprende unha secuencia moi breve e sinxela de instrucións para realizar unha receita

INGLÉS

1. Estándares de aprendizaxe

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1 Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade(contos breves e moi sinxelos, rimas infantís,adiviñas moi evidentes)emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLE-B1. Comprender o sentido xeral e a información principal dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos con ritmo lento, cunha pronuncia clara e ben articulada, e con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.
B2.1 Falar de si mesmo/a e de personas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos,usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.	PLE-B2. Falar de si mesmo e de temas moi próximos a si mesmo, utilizando palabras e textos orais moi sinxelos e breves (nome ,idade, familia, gustos...) cunha pronuncia e entoación comprensibles.
B3.2 Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a indentificación da información esencial do texto.	PLE-B3. Comprender a idea principal e o sentido xeral dunha historia moi elemental, con apoio visual e identificando os e as personaxes principais.
B4.1 Escribir textos moi curtos e sinxelos ,seguindo modelos, compostos de frases simples illadas utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a e da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá en situacións familiares e predicibles.	PLE-B4. Escribir palabras e textos moi curtos e sinxelos, seguindo un modelo, sobre si mesmo e a súa vida cotiá e familiar,utilizando correctamente as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación.
B5.3 Obter e dar información básica persoal, sobre a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.	PLE-B5. Participar voluntariamente nas actividades da aula e amosar interés pola propia lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.

COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA: CMCT

- 1.- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos en situacións cotiás.
- 2.- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- 3.- Respetar e preservar a vida dos seres vivos.

COMPETENCIA COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA: CCL

- 1.- Comprender o sentido dos textos escritos.
- 2.- Gozar coa lectura.
- 3.- Expresar oralmente de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información.
- 4.- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.

COMPETENCIA DIXITAL: CD

- 1.- Utilizar e manexar as ferramentas dixitais.

COMPETENCIA APRENDER A APRENDER: CAA

- 1.- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- 2.- Esforzarse e perseverar na aprendizaxe: atender, participar e realizar as actividades con interese.
- 3.- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS: CSC

- 1.- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- 2.- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situación de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos
- 3.- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

COMPETENCIA SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR: CSIEE

- 1.- Manifestar autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación.
- 2.- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- 3.- Ser constante no traballo, superando as dificultades.

COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI: CCEC

- 1.- Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente na galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.
- 2.- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- 3.- Apreciar, valorar e respectar os diferentes tipos de expresión plástica.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación	<p><u>Procedementos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Observación sistemática do proceso de aprendizaxe. - Interrogación. - Técnica de análise documental. - Supervisión das actividades non presenciais, tendo en conta ao alumnado desconectado dixitalmente.
	<p><u>Instrumentos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Análise do traballo desenvolvido polo alumnado e rexistros anecdóticos. - Preguntas e debates orais co alumnado. - Portfolio para avaliar o traballo diario dos nenos e nenas. - Probas obxectivas.
Cualificación final	<p>O alumnado que non presente evidencias de portfolio no 3º trimestre, a nota final axustarase á media da 1ª e 2ª avaliación.</p> <p>O alumnado que presente evidencias do traballo realizado durante o 3º trimestre, a nota final terá en conta un promedio da 1ª e 2ª avaliación, que suporá un 80% da media das dúas, máis a consideración dun 20% da terceira avaliación. Sempre se terán en conta as circunstancias persoais do alumando á hora de avaliar.</p> <p>Os criterios de promoción aplicaranse sempre pensando en non prexudicar ao alumnado polo cambio á metodoloxía non presencial.</p> <p>O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.</p>

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

Actividades	<p>Propuxemos actividades de reforzo: operacións básicas, resolucións de problemas, lectura e comprensión lectora, ortografía, repaso de gramática ...</p> <p>Tamén planificamos actividades de repaso e ampliación dos contidos traballados ao longo do curso. Moitas das actividades propostas acompañáronse de vídeos explicativos que se subiron ao Blog.</p> <p>Actividades relacionadas co PDI anual: Igualdade.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p><u>-Alumnado con conectividade:</u> Traballo mediante o Blog de Aula con actividades propostas diaria ou semanalmente.</p> <p><u>-Alumnado sen conectividade:</u> Traballo mediante material fotocopiado e libros de texto que se enviaron ás familias, a través do programa “Deberes na casa”, levado a cabo polo Concello- En colaboración con Protección Civil (odas as familias do noso alumnado recibiron na casa os libros do terceiro trimestre e material fotocopiado coas propostas de actividades a realizar ao longo deste trimestre.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> 🌀 Emprégase o Blog BICOSDECORES onde se fai unha programación diaria ou semanal e se suben propostas de actividades. 🌀 En colaboración co Concello de Pontedeume, para evitar calquera tipo de desigualdade facilitamos os libros do alumnado así como material complementario que se repartiu nos domicilios.

	<ul style="list-style-type: none"> ✦ Para o alumnado con dificultade de aprendizaxe implementáronse actividades específicas. Ademais, as titoras e o Departamento de Orientación do centro estableceron comunicación telefónica e a través de Abalar para dinamizar a comunicación. ✦ Especialidades: Correo electrónico, recursos e aplicacións online, materiais impresos, páxina web do centro e blogues das diferentes especialidades
--	---

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> ✦ Blogue de aula. ✦ Blogues das diferentes especialidades. ✦ Abalar móbil. ✦ Correo electrónico. ✦ Teléfono persoal das titoras.
Publicidade	<ul style="list-style-type: none"> ✦ Publicación obrigatoria na páxina web do centro.